

Visto o recurso de reposición nº 2017/AXR01/000022 de 1 de decembro de 2017 de D. José Pelayo Míguez Baños, que o interpón na súa condición de Decano do COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, presentado en Oficina de Correos na mesma data e con entrada do 5 de decembro de 2017 no rexistro xeral da Universidade de Santiago de Compostela (USC), co que se pretende a impugnación da resolución reitoral de 30 de outubro de 2017 da Convocatoria de contratación de persoal 17/2017, praza (2016-PG014) do Citius

## FEITOS

1. Con data 30 de outubro de 2017, rexistro de saída do 3 de outubro de 2017, convocase a praza 2016-PG014 dentro do concurso público 17/2017.
2. Con data 1 de decembro de 2017 D. José Pelayo Míguez Baños, en nome do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, presenta na oficina de correos escrito polo que pretende a impugnación da convocatoria da referida praza .
3. Con data do 5 de decembro de 2017 ten entrada na USC o referido escrito, e advertido que o mesmo se presenta en nome do COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, mediante oficio de data 12 de decembro de 2017, requírese do asinante, D. José Pelayo Míguez Baños, que acredite a lexitimación do decano do colexio para interpor recursos e que ,de ser o caso, acredite súa condición de decano do referido colexio.
4. Con data do 15 de decembro de 2017, solicítase electrónicamente pola Secretaria xeral da USC do investigador propoñente a emisión dun informe relativo ao recurso e copia completa do expediente administrativo.
5. O mesmo día, o 15 de decembro de 2017, o propoñente da contratación remite informe.
6. Mediante escrito de 26 de decembro de 2017, que ten entrada na USC o 28 de decembro, D José Pelayo Míguez Baños, procede a emenda do recurso nos termos requiridos para a súa tramitación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O escrito de 30 de novembro de 2017, presentado polo COLEGIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA no rexistro xeral da USC o 5 de decembro de 2017 pretende a impugnación da resolución reitoral de data 30 de outubro de 2017, polo que, consonte co artigo 73 dos Estatutos da USC (aprobados por Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro), debe cualificarse como recurso de reposición diante o Reitor e, considerando que tal resolución reitoral foi publicada o 3 de novembro de 2017, o recurso, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, unha vez acreditada a representación do asinante, debe entenderse presentado en tempo e forma.

SEGUNDO.- O recurso alega como motivo da impugnación do anexo I da convocatoria relativa a praza 2016-PG014 de Técnico Superior de apoio á investigación que entre os requisitos de titulación dos candidatos se recollen as de Licenciado/grado en xornalismo, medicina , química, matemáticas, física, informática ou farmacia, sen que se contemple a titulación de Bioloxía, cando a actividade da contratación é o desenvolvemento de accións de comunicación e divulgación científica para a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC, entendendo que ao tratarse dun traballo de comunicación e divulgación, a mencionada titulación ao igual que as descritas na convocatoria está perfectamente habilitada. O recurso indica que tal exclusión lesiona gravemente os intereses da profesión de biólogo. Na defensa da non exclusión no recurso se invoca a doutrina xurisprudencial relativa ao rechazo do monopolio competencial en favor do título facultativo que ampara un nivel de coñecementos, o que traducido aos estudos universitarios oficiais en Bioloxía eses coñecementos lles permiten o exercicio de funcións de comunicación e divulgación científica.

TERCEIRA.- Dado traslado do recurso ao propoñente da convocatoria pública do referido contrato laboral para informar das razóns que xustificaron que na proposta de contratación non se incluíse a titulación de bioloxía, este argumentou que non existiu ningunha razón que xustificase tal ausencia por criterios de adecuación ás tarefas a realizar, achacando que tal omisión a un erro, indicando asemade que as razóns do argumento do recurso deberían estenderse a outras titulacións universitarias.

CUARTA.- A indicación de que na proposta da contratación se obviou por erro a inclusión da titulación en bioloxía fai que se deban reconsiderar as titulacións requiridas para a participación na proceso selectivo da referida contratación e estendelo a aquelas outras posibles titulacións, que polos seus coñecementos, non deban quedar excluídas, máxime

cando dende o ano 2007, no marco do espazo europeo de educación superior, desaparece o Catálogo oficial de títulos universitarios, e non estamos diante dun suposto de profesión regulada que esixiría unha concreta titulación.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve **estimar o recurso de reposición** interposto polo COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA contra a Resolución reitoral 30 de outubro de 2017 e en consecuencia **anular o referido anexo I da convocatoria 17/2017 de contratación de persoal ( 2016-pg014)** debendo novamente ser convocada coa determinación xenérica da titulación/s requiridas como a de **graduado universitario ou anteriores titulacións equivalentes** e determinando na proposta de contratación no apartado “méritos que se valoran” a concreción e valoración específica de aqueles coñecementos que sexan relevantes para as actividades a realizar pola persoa que resulte seleccionada.

*Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa recepción, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de acordo co artigo 46 da Lei da Xurisdición contenciosa-Administrativa, aprobada por lei 29/1998, do 13 de xullo.*

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2018

**O REITOR**

**JUAN M. VIAÑO REY**

D. JOSÉ PELAYO MÍGUEZ BAÑOS  
COLEGIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA  
BANQUETE DE CONXO 6  
15706 - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
A CORUÑA

D. EMILIO SANCHEZ VIGO  
SERVIZO DE CONVOCATORIAS E RECURSOS HUMANOS DE I+D

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JUAN MANUEL VIAÑO REY, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/01/2018 14:24:13.

**CSV:** DFA6-EB0C-42C3-95F6